

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP SAN ROQUE
CURSO: 3º EP
MATERIAS: CN, CS, LC, LG, MAT, VSC
DATA: 08/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
 - 1.1. Ciencias da Natureza (CN)**
 - 1.2. Ciencias Sociais (CS)**
 - 1.3. Lingua Castelá (LC)**
 - 1.4. Lingua Galega (LG)**
 - 1.5. Matemáticas (MAT)**
 - 1.6. Valores Sociais e Cívicos (VSC)**

- 2. Avaliación e cualificación.**

- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo e repaso)**

- 4. Información e publicidade.**

1.1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Ciencias da Natureza 3º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Establecer conxecturas de sucesos do contorno e obter información	Observa o contorno e obtén información para establecer conxecturas
Coñecer a morfoloxía externa do propio corpo	Recoñece as partes e o funcionamento global do seu corpo
Deseñar un menú equilibrado para a súa idade	Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais Diferencia entre dieta equilibrada e non equilibrada
Identificar e explicar as consecuencias para a saúde e o desenvolvemento persoal de determinados hábitos	Emprega hábitos de hixiene, exercicio, alimentación sa e descanso Recoñece factores causantes de enfermidades e aplica actuacións de prevención

1.2. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Ciencias Sociais 3º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico	Comprende textos sinxelos de carácter social, xeográfico e histórico
Recoñecer as zonas climáticas e comparalas co clima da contorna	Identifica algunha característica do clima da súa contorna
Interpretar o tempo atmosférico en mapas sinxelos de Galicia	Interpreta mapas sinxelos do tempo de Galicia
Explicar a importancia e consecuencias da intervención humana no medio próximo, valorando a necesidade dun desenvolvemento sostible	Explica o impacto e consecuencias negativas da acción humana sobre o medio Explica a importancia de coidar a atmosfera e as consecuencias de non facelo Propón medidas para un desenvolvemento sostible e un consumo responsable

1.3. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Lingua Castelá 3º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade	Resume, respondendo a preguntas, textos de diversos tipos
Utilizar, de xeito guiado, estratexias elementais para a comprensión lectora de textos de diversa tipoloxía	Identifica as palabras clave dun texto Activa, de xeito guiado, coñecementos previos para comprender un texto
Ler por propia iniciativa diferentes tipos de textos	Dedica momentos de lecer para a lectura voluntaria
Producir distintos tipos de textos, seguindo un modelo, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación	Escribe, de xeito guiado, textos sinxelos: contos, cartas, noticias, receitas... Aplica, con certa autonomía, as normas gramaticais e ortográficas deste nivel Presenta os seus traballos con caligrafía lexible e limpeza
Utilizar as TIC de modo responsable para presentar as producións	Usa con axuda as Tecnoloxías para buscar información

1.4. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Lingua Galega 3º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos sinxelos	Busca e selecciona información concreta dun texto sinxelo do ámbito escolar Identifica as ideas principais dun texto sinxelo
Producir textos sinxelos de diferente tipoloxía	Elabora diferentes tipos de textos seguindo un guión establecido
Coidar a presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa	Coida a presentación dos textos seguindo normas básicas: marxes, caligrafía... Valora a lingua escrita como medio de comunicación e expresión creativa
Utilizar recursos gráficos que faciliten a comprensión dos textos	Ilustra de maneira creativa os seus textos
Aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas básicas	Utiliza as normas ortográficas básicas aplicándoas nas producións escritas
Utilizar de xeito guiado as TIC para obter e comunicar información	Utiliza de xeito guiado as tecnoloxías da comunicación para obter información
Valorar a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural	Valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe de España e de Europa

1.5. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Matemáticas 3º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución	Analiza e comprende o enunciado dos problemas: datos, contexto, pregunta
Interpretar números e o seu valor en situacións da vida cotiá	Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números ata o 10.000
Realizar operacións e cálculo mental en situación de resolución de problemas	Constrúe, memoriza e utiliza as táboas de multiplicar Resolve problemas mediante a multiplicación Resolve problemas mediante a división
Coñecer e utilizar as unidades básicas de medida do tempo	Resolve problemas sinxelos utilizando medidas temporais (reloxo e calendario)
Coñecer o valor e as equivalencias entre moedas e billetes de €	Coñece o valor de moedas e billetes da UE e resolve problemas reais
Interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos	Interpreta gráficas de táboas extraendo a información explícita
Resolver problemas reflexionando sobre o proceso aplicado: tangram	Resolve problemas xeométricos sinxelos

1.6. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles – Valores Sociais e Cívicos 3º EP

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Desenvolver o propio potencial mantendo a motivación e esforzándose para o logro de éxitos	Traballa valorando o esforzo individual para a consecución de obxectivos Realiza, con axuda dun adulto, unha autoavaliación responsable da súa tarefa

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Comunicación coas familias e os propios alumnos○ Observación, mediante o seguimento a través das comunicacións cos alumnos, da actitude e disposición para levar a cabo as tarefas propostas e manter un hábito de estudo○ Tarefa semanal proposta aos alumnos, indicando que traballos han de reenviarme para avaliar
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">○ Cualificación obtida na parte presencial do curso○ Traballos recibidos dos alumnos○ Cuestionario de autoavaliación do alumnado○ Fotos recibidas○ Rexistro da comunicación coas familias e os alumnos
Cualificación final	<p>A avaliación é contínua, formativa e integradora. A cualificación final virá determinada polas cualificacións obtidas ao longo do curso co seguinte peso:</p> <ul style="list-style-type: none">40% determinado pola cualificación obtida na 1ª avaliación50% determinado pola cualificación obtida na 2ª avaliación10% determinado pola cualificación obtida na 3ª avaliación <p>En ningún caso a cualificación da 3ª avaliación perxudicará a cualificación global do alumno, de darse esta situación procederase ao redondeo por exceso e facilitarase a promoción do alumno.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p>Actividades</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ Proposta de tarefa semanal: actividades de repaso e reforzo das competencias adquiridas en cada área ○ Proposta de retos semanais ○ Solucionarios para que o alumno faga autocorrección dos traballos ○ Montaxe audiovisual coas fotos recibidas para que os alumnos se vexan e sigan tendo conciencia de equipo, aínda que traballen dende a casa ○ Noticiero semanal “Coronadiario” contando actividades e impresións de cada semana ○ Cuestionario de autoavaliación no que o alumno valora o seu traballo e a metodoloxía de aprendizaxe
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Cada luns propoño tarefa semanal, indicando actividades para cada día, recomendacións e qué traballos (un ou dous semanais) me han de reenviar para valorar. Esta tarefa é enviada a 23 alumnos, dun total de 24, por correo electrónico e publicada na web do Colexio. Tamén lla envío ao Director que se encarga de imprimila para que o conserxe lla acerque ao domicilio a catro alumnos que non dispoñen dos medios tecnolóxicos. O conserxe tamén recolle os traballos que han de reenviarme para avaliar.</p> <p>Os venres envío solucionarios da semana anterior (para dar tempo a que todos poidan facela) polos mesmos medios. O obxectivo é que os alumnos se autocorrixan e sexan conscientes do seu progreso na aprendizaxe.</p> <p>Ao longo da semana manteño comunicación a través do correo electrónico con 20 dos 24 alumnos, recibindo mails, traballos, fotos, audios, vídeos...</p> <p>Tamén recibo os traballos dos catro alumnos sen conectividade que me reenvía o Director.</p> <p>Enviarei un test para que cada alumno valore o seu progreso e a metodoloxía que estamos a seguir neste trimestre. Estes resultados tereinos en conta para a avaliación desta programación e da práctica docente.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p>Ordenador, correo electrónico, web do Colexio, Abalar, teléfono (en casos puntuais) Recursos didácticos do profesor da Ed. Santillana, acceso a libros do alumno online da Ed. Santillana, recursos varios online, material fotocopiado</p>

4. Información e publicidade

<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p>Correo electrónico (con 23 do total de 24 alumnos), web do Centro, Abalar, teléfono (casos puntuais)</p>
<p>Publicidade</p>	<p>Estas modificacións serán publicadas na web do Colexio, e informadas as familias mediante Abalar</p>